

# PETRÓGLIFOS DA RAN

# VECIÑANZA

# 2016



Éntre os obxectivos deste proxecto non está só a posta en valor e a recuperación das áreas rupestres localizadas na zona industrial e forestal da Ran. Unha outra inteción é analizar o estado dos camiños de accesos, a conservación dos paneis divulgativos e rozado da vexetación,… Paralelamente propomos a creación dunha ruta de sendeirismo de non moita dificulatade que, en bo grao, podería potenciar o turismo da localidade, ofrecendo alternativas de ocio importantes para o concello, axudando á conservación e divulgación do noso patrimonio en xeral e, en particular, dunha das manifestacións máis senlleiras dos bens culturais cuntienses  Cuntis: os petroglifos. Vemos, por conseguinte, O NOSO PATRIMONIO COMO MOTOR DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO.

## PETRÓGLIFOS DA RAN

veciñanza


Veciñanza
Circunvalación, 39 - CUNTIS
www.veciñanza.gal
info@veciñanza.gal




# ÍNDICE


| Nº | CAPÍTULO | p./pp. |
|---|---|---|
| 00 | Créditos | 05 |
| | **APARTADOS PRELIMINARES** | **06** |
| 01 | Agradecementos | 07 |
| 02 | Obxectivos | 08 |
| 03 | Lexislación aplicable | 08 |
| 04 | Argumentario xurídico | 09 |
| 05 | Recursos técnico-bibliográficos | 11 |
| | **LOCALIZACIÓN** | **12** |
| 06 | Localización xeral | 13 |
| 07 | Área arqueolóxica 01A | 13 |
| 08 | Área arqueolóxica 01B | 17 |
| 09 | Área arqueolóxica 02 | 18 |
| 10 | Área arqueolóxica 03 | 19 |
| 11 | Área arqueolóxica 04 | 21 |
| 12 | Área arqueolóxica 05 | 21 |
| 13 | Área arqueolóxica 06 | 26 |
| 14 | Localización de todas as áreas arqueolóxicas da Ran | 27 |
| | **REFLEXIÓNS** | **28** |
| 15 | Vista aérea das principais zonas rupestres | 29 |
| 16 | Conciliación do desenvolvemento industrial e a conservación dos bens patrimoniais | 29 |
| 17 | Distancia aproximada entre as áreas 01 e 03 | 32 |
| 18 | Estabelecementos hostaleiros | 33 |
| 19 | Turismo | 33 |
| 20 | Localización: Lugares turísticos e vilas importantes… | 35 |
| 21 | Realidade sobre os recursos turísticos cuntienses | 36 |
| | **ESTADO DOS PETRÓGLIFOS** | **37** |
| 22 | Estado da zona arqueolóxica | 38 |
| | **RISCOS POTENCIAIS, ALERTAS E VALORACIÓN** | **40** |
| 23 | Riscos potenciais | 41 |
| 24 | Roce das áreas rupestres e limpeza de petróglifos | 46 |
| 25 | Valoración | 48 |

| | | |
|---|---|---|
| | **ANTERIORES INVESTIMENTOS** | **50** |
| **26** | ADR | **51** |
| **27** | Investimento na zona da Ran | **52** |
| | **ROTEIRO** | **56** |
| **28** | Alternativas de ocio – sendeirismo | **57** |
| **29** | Propostas | **58** |
| **30** | Roteiro | **58** |
| **31** | Esquema do trazado | **59** |
| **32** | Observacións | **59** |
| **33** | Desenvolvemento e lugares do trazado | **60** |
| | **PRENSA** | **61** |
| **34** | Anexo de prensa | **62** |
| | **FOTOGRAFÍA** | **63** |
| **35** | Anexo fotográfico | **64** |
| | • Vexetación | **64** |
| | • Sinalización | **66** |
| | • Camiños e sendeiros | **68** |
| | • Vertedoiros na contorna | **73** |
| | • Liques | **77** |
| | • Paneis explicativos | **79** |
| | **OPCIÓN PUBLICITARIA** | **81** |
| **36** | Folletos | **82** |
| | **CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS** | **84** |
| **37** | Conclusións | **85** |
| **38** | Propostas | **86** |

***© dos calcos dos petróglifos: Antonio de la Peña Santos***

**© das fotografías datadas en 2009: Xesús Rodríguez Castro**

**© das fotografías datadas en 2016: Veciñanza**

**© dos textos: Veciñanza**

**© das ilustracións e deseños gráficos: Veciñanza**

**© das novas de prensa: Os respectivos xornais citados**

**©** Plano nº 6 (Escala 1/3000) do **Plan de Sectorización da Zona Empresarial da Ran** – Cuntis. Información de Afeccións. Documento refundido para aprobación definitiva: . Magdalena Nogueira (arquitecto)

# APARTADOS PRELIMINARES

| 01 | AGRADECEMENTOS | |
|---|---|---|
| Para a realización deste proxecto contamos coa colaboración de diferentes técnicos do mundo da arqueoloxía galega, referentes na investigación rigorosa neste eido, e algúns colectivos culturais, nomeadamente: | | |
| 1. | **Vicente Caramés Moreira** | Arqueólogo e Director do Museo do Mar de Galicia - Vigo |
| 2. | **Antón Costa** | Debuxante arqueolóxico e fotógrafo |
| 3. | **Antonio de la Peña Santos**. Alén do asesoramento técnico que nos dispensou –e do que se fará mención en liñas sucesivas-, debémoslle a gratitude tamén por nos ofrecer a consulta e reprodución dos calcos que ten realizado das diferentes áreas rupestres da Ran. | Arqueólogo do Museo de Pontevedra |
| 4. | **Xesús Rodríguez Castro** que, alén de certo asesoramento xurídico e documentación que nos entregou, tamén nos ten facilitado todas as fotografías da zona dos petróglifos datadas no ano 2009. | |
| 5. | **Martina Viéitez** que –como bióloga– explicounos como é o ciclo vital dos liques que habitan nas capas superficiais das rochas. | |
| 6. | **A Forneiriña** | Colectivo na Defensa do Patrimonio da bisbarra do Umia |

| 02 | OBXECTIVOS |
|---|---|
| 1. | Recuperar zonas visitábeis do noso patrimonio |
| 2. | Incentivar o turismo |
| 3. | Conservar os gravados rupestres cuntiense |
| 4. | Estimular a economía local |
| 5. | Integrar estas áreas de grande interese, que están localizadas dentro do Polígono Industrial da Ran, como puntos a ter moi presentes na redacción do PXOM |
| 6. | Intentar conciliar o desenvolvemento industrial –necesario para o progreso do municipio cuntiense– co respecto, conservación e divulgación dos recursos culturais existentes nesa área. |
| | |

| 03 | LEXISLACIÓN APLICABLE |
|---|---|
| 1. | **Constitución** (BOE do 29 de decembro de 1978) |
| 2. | **Estatuto de Autonomía de Galicia**, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril |
| 3. | **Lei 8/1995**, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia |
| 4. | **Decreto 199/1997**, do 10 de xullo polo que se Regula a Actividade Arqueolóxica en Galicia (DOG núm. 150 do 6 de agosto de 1997) |
| 5. | **Decreto 3741/1974**, do 20 de decembro (BOE nº 59 do 10/03/1975) |
| 6. | Convección sobre a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural (París 1972) |
| 7. | Convenio Europeo para a Protección do Patrimonio Arqueolóxico (núm. 066 do Consello de Europa, BOE, núm. 160/1975, do 5 de xullo de 1975) |
| 8. | Carta Internacional para a Xestión do Patrimonio Arqueolóxico (1990) |
| 9. | **Lei 19/2013**, de 9 dicembre, Lei de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno |
| 10. | **Lei 30/1992**, de 26 de novembro (LRXPAC) |
| | |

| 04 | ARGUMENTARIO XURÍDICO |
|---|---|
| **CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA** | |
| **Art. 46:** | "Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade". |
| **ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA** | |
| **Art. 27/18:** | O "patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal (…)". |
| **Art. 27/19:** | "O fomento da cultura e da investigación de Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución". |
| **Art. 27/21:** | "A promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade". |
| **Art. 32:** | "Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego". |
| **Ley 8/1995, do 30 de outubro, PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA** | |
| **Art. 1.2:** | "A presente lei ten por obxecto a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras". |
| **Art. 1.3:** | "Integran o patrimonio cultural de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte deste o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas (…)". |
| **Art. 3.1:** | "As persoas que observasen perigo de destrucción ou deterioración dun ben integrante do patrimonio cultural de Galicia deberán, no menor tempo posible, poñelo en coñecemento da Administración competente, que comprobará o obxecto da denuncia e actuará conforme o disposto pola lei". |
| **Art. 3.2:** | "Calquera persoa física ou xurídica está lexitimada para actuar en defensa do patrimonio cultural de Galicia ante as administracións públicas da Comunidade Autónoma e os tribunais de xustiza, en cumprimento do previsto nesta lei". |
| **Art. 4.1:** | "Os concellos teñen a obriga de protexeren, defenderen, realzaren e daren a coñece-lo valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal". |
| **Art. 4.2:** | "Correspóndelles, así mesmo, adoptar en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagarda-los bens do patrimonio cultural de Galicia que visen o seu interese ameazado". |
| **Art. 8.1:** | "Os bens mobles, inmobles e inmateriais máis sobranceiros do patrimonio cultural de Galicia serán declarados bens de |

| | |
|---|---|
| | interese cultural mediante decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Cultura, e inscribiranse no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia” |
| **Art. 8.3:** | “Os bens inmobles serán declarados de interese cultural atendendo ás seguintes clases: monumento, conxunto histórico, xardín histórico, sitio ou territorio histórico, zona arqueolóxica, lugar de interese etnográfico e zona paleontolóxica”. |
| **Art. 8.4:** | “Zona arqueolóxica, o lugar ou paraxe natural onde existen bens mobles ou inmobles susceptibles de seren estudiados con metodoloxía arqueolóxica, tanto se se atopasen na superficie coma no subsolo ou baixo as augas territoriais”. |
| **Art. 33:** | “(...) os bens declarados de interese cultural gozarán da máxima protección e tutela, e a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación”. |
| **Art. 48.1:** | “Os sitios ou territorios históricos, as zonas arqueolóxicas e os lugares de interese etnográfico ordenaranse mediante plans especiais de protección ou outro instrumento de planeamento que cumpra as esixencias establecidas nesta lei”. |
| **Art. 48.3:** | “Calquera remoción de terras dunha zona arqueolóxica ou zona paleontolóxica deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura, con independencia de que exista ou non un instrumento urbanístico de protección”. |
| Do lexislado na Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia, do 30 de outubro, tamén son de aplicación os artigos: 2.1, 8.1 e seguintes, 14, 24.1, 24.2a, 25.1, 25.2, 32.1, 32.2, 55, 56, 83, 89, 90, 91, 92, 94,... | |
| | |

| 05 | RECURSOS TÉCNICO-BIBLIOGRÁFICOS |
|---|---|
| 1. | Plano nº 6 (Escala 1/3000) do **Plan de Sectorización da Zona Empresarial da Ran** – Cuntis. Información de Afeccións. Documento refundido para aprobación definitiva. Arquitecto: José Magdalena Nogueira |
| 2. | **Fichas da Patrimonio** – Delegación Provincial da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia |
| 3. | **Listaxe de Bens Patrimoniais Catalogados** – Delegación Provincial da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia |
| 4. | Visor **GOOGLE EARTH** (Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas) da Xunta de Galicia |
| 5. | Visor **SIXPAC** (Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas) da Xunta de Galicia |
| 6. | Consultouse así mesmo a seguinte **BIBLIOGRAFÍA**: |
| | • H. PICALLO FUENTES-M. PICALLO FUENTES, ‘A arte rupestre cuntiense. Área arqueolóxica da Ran’, *A Taboada*, 2 (2000) pp. 71-86. |
| | • F. AMEIXEIRAS SÁNCHEZ e O. ARCA CALDAS, ‘A Arte Rupestre’, in TAPA, n. 29 (Compostela 2002) pp. 49-58. |
| | • H. PICALLO FUENTES-V. CARAMÉS MOREIRA, ‘Arqueoloxía e Industrialización’, Fin de Semana, *El Correo Gallego*, (14-III-2004) |
| 7. | “Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se aproba o documento de referencia para a avaliación ambiental estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cuntis” |
| 8. | **F. ARIAS VILAS** (Director Xeral de Patrimonio Cultural) *Informe da Consellaría de Cultura* (10 de marzo de 2009). Número de saída do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia – Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza – Santiago de Compostela: 010913 (con data do 13.03.2009) |
| 9. | **Á. CONCHEIRO COELLO** (**Arquestudio S.L.: patrimonio cultura turismo**), *Proxecto de control arqueolóxico descontinuo das actuacións brandas de valorización dos recursos patrimoniais históricos e naturocio* (xullo 2008) ADR ULLA-UMIA. |
| 10. | **A. REDONDO PORTO** (**rvr arquitectos**), *Actuaciones blandas de valorización de los recursos patrimoniales históricos y naturocio*: Memoria (febreiro 2008) ADR ULLA-UMIA |
| 11. | **RVR ARQUITECTOS**, *Actuaciones blandas de valorización de los recursos patrimoniales históricos y naturocio*: Presuposto (febreiro 2008) ADR ULLA-UMIA |
| 12. | **A. de la PEÑA SANTOS**: Calcos realizados dos petróglifos da Área Rupestre da Ran (MUSEO de PONTEVEDRA) |

# LOCALIZACIÓN

| 06 | LOCALIZACIÓN XERAL | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1. | A zona arqueolóxica da Ran localízase na xeografía homónima dentro dunha área destinada a funcións forestais e, dende hai uns anos, a actividades de tipo industrial. | | | |
| 2. | Son moi abundantes os depósitos arqueolóxicos existentes nesa contorna, onde conflúen lindes das parroquias de Santa María de Troáns, San Fins das Estacas e Santa María dos Baños de Cuntis. | | | |
| 3. | Dentro desa área, as zonas arqueolóxicas preséntanse nos montes comunais das/dos veciñas/os de Calvos (Cuntis), Meira (Cuntis) e Guldrigáns (Troáns) | | | |
| 4. | Non existe unicamente gravados rupestres na área Ran. Nas fichas de patrimonio tamén se documentan outros da época megalítica e algún máis sen determinar | | | |
| | **GA36015ACH1** | (Monte Moreiras) | **GA36015041** | Mámoa da Ran |
| | | | | |

| 07 | ÁREA ARQUEOLÓXICA 01A | | | |
|---|---|---|---|---|
| | NOME DO PETRÓGLIFO | ZONA E PARROQUIA | | CLAVE DE CATALOGACIÓN |
| 01 | **Forno de Tella I** | M. Guldrigáns | TROÁNS | GA36015020 |




| ÉPOCA | IDADE DO BRONCE | |
|---|---|---|
| COORDENADAS APROXIMADAS DA ESTACIÓN PRINCIPAL | | |
| 01 | X: 534.510,63 | Y: 4.720.025,21 |

**"Estación senlleira da arqueoloxía prehistórica e da arte rupestre da comarca. Está formada por dous grupos. O máis importante está formado por unha laxe cuberta totalmente de motivos, entre eles 18 cérvidos e 10 combinacións circulares".**

(**Ángel Concheiro Coello** – Arqueólogo)



Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Forno da Tella 1a***
***© Antonio de la Peña***




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Forno da Tella 1b***
***© Antonio de la Peña***




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Forno da Tella 1c***

***© Antonio de la Peña***

| 08 | ÁREA ARQUEOLÓXICA 01B | | | |
|---|---|---|---|---|
| NOME DO PETRÓGLIFO | | ZONA E PARROQUIA | | CLAVE DE CATALOGACIÓN |
| 02 | Forno de Tella II | M. Guldrigáns | TROÁNS | GA36015020 |




| ÉPOCA | IDADE DO BRONCE |
|---|---|
| COORDENADAS APROXIMADAS DA ESTACIÓN PRINCIPAL | |
| 02 | X: 534.530,58 — Y: 4.719.992,88 |

**"Estación senlleira da arqueoloxía prehistórica e da arte rupestre da comarca (...). O segundo ten a mesma temática, pero é sensiblemente máis modesto (1 cérvido e 2 combinacións circulares)".**

(**Ángel Concheiro Coello** – Arqueólogo)




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Forno da Tella 2***

***© Antonio de la Peña***

| 09 | ÁREA ARQUEOLÓXICA 02 | | |
|---|---|---|---|
| NOME DO PETRÓGLIFO | | ZONA E PARROQUIA | CLAVE DE CATALOGACIÓN |
| 03 | **Campás 1** | BAÑOS de CUNTIS | GA36015054 |
| 04 | **Campás 2** | BAÑOS de CUNTIS | GA36015055 |
| 05 | **Campás 3** | BAÑOS de CUNTIS | GA36015056 |
| 06 | **Campás 4** | BAÑOS de CUNTIS | GA36015057 |




| ÉPOCA | IDADE DO BRONCE | |
|---|---|---|
| COORDENADAS APROXIMADAS DAS ESTACIÓNS PRINCIPAIS | | |
| 03 | X: 534.277,06 | Y: 4.720.736,62 |
| 04 | X: 534.181,49 | Y: 4.720.496,44 |
| 05 | X: 534.323,87 | Y: 4.720.520,81 |
| 06 | X: 534.628,21 | Y: 4.720.789,20 |




Estes conxuntos inscultóricos localízase fóra da área que pretendemos recuperar para ser visitada para a difusión cultural.

| 10 | ÁREA ARQUEOLÓXICA 03 | | | |
|---|---|---|---|---|
| | NOME DO PETRÓGLIFO | ZONA E PARROQUIA | | CLAVE DE CATALOGACIÓN |
| 07 | **O. do Moucho 1** | M. de Calvos | BAÑOS de CUNTIS | GA36015058 |
| 08 | **O. do Moucho 2** | M. de Calvos | BAÑOS de CUNTIS | GA36015059 |
| 09 | **O. do Moucho 3** | M. de Calvos | BAÑOS de CUNTIS | GA36015059 |




| COORDENADAS APROXIMADAS DAS ESTACIÓNS PRINCIPAIS | | |
|---|---|---|
| 07 | X: 534.531,67 | Y: 4.720.480,21 |
| 08 | X: 534.606,18 | Y: 4.720.357,44 |
| 09 | X: 534.595,68 | Y: 4.720.345,11 |

**“Os dous xacementos correspóndense con estacións con gravados rupestres ao aire libre da Idade do Bronce de temática abstracta. A primeira está formada por 9 combinacións circulares con cazoleta central e a segunda por dous grupos de combinacións circulares de radio en prolongación exterior e cazoletas**”.

(**Ángel Concheiro Coello** – Arqueólogo)




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Outeiro do Moucho***

***© Antonio de la Peña***

| 11 | ÁREA ARQUEOLÓXICA 04 | | |
|---|---|---|---|
| | **NOME DO PETRÓGLIFO** | **ZONA E PARROQUIA** | **CLAVE DE CATALOGACIÓN** |
| 10 | **Outeiro da Ran ou Costa de Vales** | Monte da Ran BAÑOS de CUNTIS | GA36015060 |




| ÉPOCA | IDADE DO BRONCE | |
|---|---|---|
| **COORDENADAS APROXIMADAS DA ESTACIÓN PRINCIPAL** | | |
| 10 | X: 534.245,62 | Y: 4.720.334,61 |

| 12 | ÁREA ARQUEOLÓXICA 05 | | |
|---|---|---|---|
| | **NOME DO PETRÓGLIFO** | **ZONA E PARROQUIA** | **CLAVE DE CATALOGACIÓN** |
| 11 | **Outeiro de Vales** | BAÑOS de CUNTIS | GA36015061 |




| ÉPOCA | IDADE DO BRONCE | |
|---|---|---|
| **COORDENADAS APROXIMADAS DA ESTACIÓN PRINCIPAL** | | |
| 11 | X: 534.448,10 | Y: 4.720.127,89 |

Localízase ao pé do antigo vertedoiro municipal, na actualidade selado.




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Outeiro de Vales 1***

***© Antonio de la Peña***




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Outeiro de Vales 2***

***© Antonio de la Peña***




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Outeiro de Vales 3***

***© Antonio de la Peña***




Calco realizado por Antonio de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) – ***Outeiro de Vales 4***

***© Antonio de la Peña***

| 13 | ÁREA ARQUEOLÓXICA 06 | | | |
|---|---|---|---|---|
| NOME DO PETRÓGLIFO | | ZONA E PARROQUIA | | CLAVE DE CATALOGACIÓN |
| 12 | **Moreiras 1** | M. de Guldrigáns | TROÁNS | GA36015062 |
| 13 | **Moreiras 2** | M. de Guldrigáns | TROÁNS | GA36015063 |
| 14 | **Moreiras 3** | M. de Guldrigáns | TROÁNS | GA36015064 |
| 15 | **O Outeiriño** | M. de Guldrigáns | TROÁNS | GA36015065 |
| 16 | **Moreiras 4** | M. de Guldrigáns | TROÁNS | GA36015ACH1 |




| ÉPOCA | IDADE DO BRONCE | |
|---|---|---|
| COORDENADAS APROXIMADAS DA ESTACIÓN PRINCIPAL | | |
| 12 | X: 533.898,25 | Y: 4.719.954,26 |
| 13 | X: 533.979,43 | Y: 4.719.904,69 |
| 14 | X: 533.998,14 | Y: 4.719.856,57 |

O petróglifo GA36015065 ten unha datación indeterminada. Tamén ignoramos aquel que leva o código de identificación GA36015ACH1

## 14 LOCALIZACIÓN DE TODAS AS ÁREAS ARQUEOLÓXICAS DA RAN




**Plano nº 6 (Escala 1/3000) do** Plan de Sectorización da Zona Empresarial da Ran **– Cuntis. Información de Afeccións. Documento refundido para aprobación definitiva. Arquitecto: José Magdalena Nogueira**

# REFLEXIÓNS

## 15 VISTA AÉREA DAS PRINCIPAIS ZONAS RUPESTRES




Como se observa, as áreas rupestres están relativamente próximas, polo que non sería difícil intentar conciliar desenvolvemento industrial con respecto á biodiversidade e ao patrimonio cultural.

## 16 CONCILIACIÓN DO DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL E A CONSERVACIÓN DOS BENS PATRIMONIAIS

Verbo disto, indicaba a "Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se aproba o documento de referencia para a avaliación ambiental estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cuntis" (Clave: 2010AEE0007):

> "Trátase de integrar aspectos de deseño ecolóxico na distribución de espazos e infraestruturas ligadas ao solo industrial, que garantan o menor impacto posible, tendo en conta os valores naturais da contorna e a existencia na súa contorna de núcleos de poboación (...)".

Incluso tamén sinala nun dos criterios, con respecto á mobilidade, que se pretende

igualmente “facilitar o acceso ás zonas de valor paisaxístico, histórico-cultural e patrimonial”.

Criterio: **Facilitar unha conectividade eficiente cara aos principais destinos**. Nivel de detalle:

- Fomentar unha zonificación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos e equipamentos.
- Situar os centros de servizos básicos e administrativos próximos á actividade da cidadanía.
- Contribuír ao deseño dunha malla de mobilidade do Concello eficiente, segundo as características do tráfico xerado.
- Deseñar itinerarios axeitados ás necesidades de modos de desprazamento alternativos.
- Favorecer a intermodalidade nos medios de transporte.
- Mellorar a eficacia do transporte público terrestre considerando as súas necesidades de infraestruturas.
- Favorecer a interconexión con outros concellos ou áreas de interese.
- Facilitar o acceso ás zonas de valor paisaxístico, histórico-cultural e patrimonial.

No axuste dos usos á contorna, tamén observa o seguinte:

Criterio: **Axustar os usos á contorna e aos obxectivos propios deste planeamento**. Nivel de detalle:

- Actualizar a análise do estado do recurso solo, no tocante á distribución dos seus usos, o seu estado de conservación e a súa capacidade portante de cara á edificación.
- Considerar as previsións de calquera outro tipo planeamento ou proxecto con repercusións no territorio municipal e o seu ámbito de influencia.
- Definir e delimitar as necesidades ás que se debe dar resposta coa clasificación do solo de modo coherente coa dinámica socioeconómica do Concello.
- Na zonificación do solo terase especial coidado cos sectores situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, arqueolóxicos ou calquera outra protección ou espazo de especial valor.
- Quedarán salvagardados os espazos susceptibles de se ver afectados por riscos naturais e socioeconómicos.
- Establecer solucións que garantan o amortecemento das afeccións das actividades industriais no ámbito das áreas residenciais e produtivas rurais. Entre elas poderían figurar o deseño de filtros verdes ou pantallas vexetais.
- Evitar a fragmentación do territorio e a formación de barreiras que produzan ruptura na continuidade dos distintos usos previstos nos novos espazos urbanos, así como dos hábitats naturais.
- Considerar os espazos con importante impacto visual en función das súas características.
- Xustificar a idoneidade da clasificación do solo con respecto ás demais variables estudadas.

## NATUREZA

### Espazos e áreas protexidas

| | |
|---|---|
| Descrición: | Superficie (ha) espazos e áreas recollidos recollidas nalgunha das categorías da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia e da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade así como os recollidos nos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no planeamento municipal. |
| Unidade de medida: | % |
| Fonte de datos: | Consellería do medio rural |
| Método de cálculo: | - |
| Actualización: | Anual |

### Roteiros verdes

| | |
|---|---|
| Descrición: | Acondicionamento de sendeiros para uso público dos espazos naturais |
| Unidade de medida: | km |
| Fonte de datos: | Municipal |
| Método de cálculo: | Lonxitude total de roteiros verdes |
| Actualización: | Anual |

## PATRIMONIO

### Adecuación para uso público dos bens patrimoniais

| | |
|---|---|
| Descrición: | Existencia de actuacións, instalacións ou infraestruturas para uso público do ben patrimonial. De xeito adicional, instalacións turísticas vinculadas ao ben patrimonial |
| Unidade de medida: | Unidades |
| Fonte de datos: | Catálogo de bens patrimoniais do Plan |
| Método de cálculo: | Número de elementos do patrimonio con funcionalidade recreativa, turística, etc. |
| Actualización: | Revisión ou vixencia do Plan |

## 17 DISTANCIA APROXIMADA ENTRE AS ÁREAS 01 E 03



| 18 | ESTABELECEMENTOS HOSTALEIROS |
|---|---|
| 1 | A vila de Cuntis conta cun considerable número de estabelecementos hostaleiros que dan aloxamento e servizo a numerosos visitantes procedentes non só de Galicia, senón incluso de recunchos do Estado e de fóra del. |
| 2 | Todos os estabelecementos hostaleiros deberían contar con información continua e actualizada sobre o estado de conservación dos roteiros de sendeirismo que existen no municipio, ademais de ter constancia de todos os bens patrimoniais que poderían coñecer as/os visitantes. |
| 3 | **OFICINA DE TURISMO**. Sería importante dispor, ao longo de todo o ano, unha oficina turística en Cuntis que puidese dispensar de material didáctico sobre o patrimonio non só directamente ás/aos visitantes, senón á veciñanza e a todos aqueles negocios hostaleiros. |
| | |

| 19 | TURISMO |
|---|---|
| 1 | Visitan anualmente a vila do Baño, dende hai séculos, centos de persoas, procedentes de diversos recunchos da Península Ibérica. A razón fundamental é a presenza de augas termais –de sobrada fama– que se usan para distintas afeccións e por medio de diversas terapias. Así e todo, a maior afluencia é a galega. |
| 2 | Cuntis localízase nun lugar moi estratéxico, a igual distancia da capital de provincia (Pontevedra) e da capital da comunidade autónoma (Compostela). Ademais, non está distante de Vigo, Vilagarcía de Arousa,… |
| 3 | Como vila termal que é, este concello debe ofrecer alternativas de ocio para os diversos visitantes.<br>• Haberá persoas ás que só lles interese descansar, porén o turismo termal e de ocio cada día van máis da man. Tanto é así que isto capta outro tipo de público de pequenas estadías, xeralmente diarias ou de fin de semana.<br>• Xeralmente máis novas, estas persoas demandan lugares que visitar, que admirar, patrimonio arqueolóxico que ver, roteiros por zonas forestais ou "espazos verdes".<br>• Non podemos atender a nova sociedade, cada día máis esixente, se non temos en conta a conservación de todos os recursos citados, sen salvagardar a nosa fauna e flora autóctonas, sen protexer os bens culturais. |
| 4 | Para iso, cómpre apostarmos por:<br>• Conservarmos o noso patrimonio e poñelo en valor<br>• Protexer os espazos naturais<br>• Divulgar toda esta riqueza, ademais da termal<br>• Deseñar roteiros para os distintos públicos<br>• Manter estes roteiros, telos ben sinalizados, con paneis explicativos en bo estado, con camiños transitables e matogueiras recortadas no caso de se precisaren. |

| | |
|---|---|
| 5 | Tamén fornece a idea do **TURISMO COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO** crer na necesidade de ESTUDAR, CONSERVAR E DIVULGAR os BENS CULTURAIS DO MUNICIPIO, tal e como se ten realizado en concellos que hoxe son referencia, por exemplo, Allariz. |
| 6 | Alén da importancia que ten espertado e esperta Castrolandín como monumento prehistórico de proxección non só provincial, senón a nivel galego; Cuntis de apostar definitivamente por poñer en valor diversidade de recursos culturais que pode ocasionar varias vantaxes:<br>• Diferenciación comarcal<br>• Difusión do noso patrimonio<br>• Creación de alternativas turísticas<br>• Conseguir que as/os visitantes teñan estadías máis longas na vila e, por extensión, no municipio. |

## 20 LOCALIZACIÓN: LUGARES TURÍSTICOS E VILAS IMPORTANTES…



| 21 | REALIDADE SOBRE OS RECURSOS TURÍSTICOS CUNTIENSES |
|---|---|
| 1 | Arestora, a administración cuntiense non desempeña labores importantes na concienciación da necesidade de conservar o patrimonio arqueolóxico do municipio.<br>Tampouco divulga, convenientemente, esta riqueza patrimonial.<br>Zonas de achados rupestres, como os da Ran, xacen no medio das matogueiras ou das silveiras, con camiños polos que non se pode andar, con paneis explicativos perdidos por algures e con moi pouca información **práctica** que lles facilitar aos estabelecementos hostaleiros. |
| 2 | Iniciativas particulares ou asociativas son as que maiormente velan pola conservación e divulgación do patrimonio. |
| 3 | Cómpre sinalar que seguen esta liña de defensa do Patrimonio, ao tempo que dun xeito ou doutro o divulgan, numerosos colectivos que, por non excluír a ningún, facemos mención de xeito xeral. |
| | |

# ESTADO DOS PETRÓGLIFOS

| 22 | ESTADO DA ZONA ARQUEOLÓXICA | |
|---|---|---|
| 1 | Primeiramente hai que lembrar que varios dos petróglifos desta zona foron postos en valor aló polo ano 2008. | |
| 2 | As áreas rupestres están nun estado deplorable, e non polo estado de conservación dos elementos arqueolóxicos, senón por outras circunstancias. Enumeramos algunhas delas. | |
| 3 | **ACCESO AOS CONXUNTOS INSCULTÓRICOS - VEXETACIÓN** | |
| | É complicado localizar, ou difícil de acceder, a un bo número de petróglifos xa inventariados e protexidos. A maior parte deles xacen entre as matogueiras: | |
| | • Forno da Tella II (**GA36015020**) | **Foto 01** |
| | • Outeiro de Vales (**GA36015061**) | **Foto 02** |
| | • Outeiro do Moucho II (**GA36015059**) | **Foto 03** |
| | • Outeiro do Moucho III (**GA36015059**) | **Foto 04** |
| | • A raíz disto, nin a veciñanza nin os forasteiros poden contemplalos. | |
| | • Eucaliptos, “tropeceiras”, toxo,... e nalgún caso un gran substrato vexetal ocultan algúns grupos rupestres. | |
| 4 | **SINALIZACIÓN** | |
| | Distintos elementos de sinalización de grupos inscultóricos teñen os seguintes problemas: | |
| | • O sinal de entrada á área rupestre pola zona do polígono está notablemente deteriorado e tombado cara a un lado. | **Foto 05** |
| | • Un dos bolardos indicadores dos “Petróglifos do Outeiro da Ran” (tamén coñecido como Outeiro de Vales) case é imposible localizalo. | **Foto 06** |
| | • Oxidado, e igualmente nas silveiras, fica un dos bolardos indicadores dos “Petróglifos do Outeiro do Moucho”. | **Foto 07**<br>**Foto 08** |
| | • O sinal indicador do “Petróglifo do Outeiro do Moucho” (que dá á estrada que baixa cara ao lugar de Calvos e sobe cara a Estacas) está oxidado. | |
| 5 | **SENDEIROS E CAMIÑOS** | |
| | • Varios dos camiños antigos que dan acceso ás agrupacións rupestres teñen o monte baixo moi pegado aos seus lindes. | **Foto 09** |
| | • Algúns dos camiños pérdense no medio da vexetación, polo que é complicado saber cara a onde nos dirixen. | **Foto 10** |
| | • Os sendeiros que, outrora, se realizaron para poder acceder con facilidade ás agrupacións do Outeiro do Moucho I, II e III están en total abandono. Xa non se observa o xabre co que foron recubertos nin as madeiras que os delimitaron. | **Foto 11**<br>**Foto 12**<br>**Foto 13** |
| | • Os sendeiros elaborados con “zahorra” están totalmente cubertos de toxo. | **Foto 14**<br>**Foto 15**<br>**Foto 16**<br>**Foto 17** |

| 6 | VERTEDOIROS NA CONTORNA | |
|---|---|---|
| | No lugar no que se localizan os petróglifos do Forno da Tella I e II (**GA36015020**) atópase en distintos lugares diversos desperdicios: | |
| | • Zonas con plásticos e recipientes plásticos de considerable tamaño. | **Foto 18** |
| | • Acumulación de cascallos de obras. | **Foto 19** |
| | • Restos vexetais de xardinería. | **Foto 20** |
| | • Esqueletos de animais, o que se pode entender que neste lugar houbo preas en descomposición, o que pode ser un foco de infestación. | **Foto 21**<br>**Foto 22** |
| | • Ao carón do Outeiro de Vales houbo –outrora– un vertedoiro que, na actualidade, está fechado. Alén disto, cada verto tempo hai quen deposita restos de obras e incluso animais mortos. Puidemos comprobar isto no ano 2009. | **Foto 23**<br>**Foto 24** |

# RISCOS POTENCIAIS, ALERTAS E VALORACIÓN

## 23 RISCOS POTENCIAIS

O abandono e estado de desleixo no que se atopan os petróglifos desta área traen consigo varios riscos potenciais que cómpre ter presentes. Traémolos até aquí para que as administracións sexan responsables da súa conservación, tal e como así o esixe a **Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia** no seu **artigo 4.1**:

> "**Os concellos teñen a obriga de protexeren, defenderen, realzaren e daren a coñece-lo valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal**".

Tampouco queremos esquecer o **artigo 4.2** no que se regula o seguinte:

> "**Correspóndelles, así mesmo, adoptar en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagarda-los bens do patrimonio cultural de Galicia que visen o seu interese ameazado**".

Sendo responsables e actuando de acordo coa legalidade vixente, facemos noso o **artigo 3.1** da devandita:

> "**As persoas que observasen perigo de destrucción ou deterioración dun ben integrante do patrimonio cultural de Galicia deberán, no menor tempo posible, poñelo en coñecemento da Administración competente, que comprobará o obxecto da denuncia e actuará conforme o disposto pola lei**".

Tamén asumimos o **artigo 3.2**:

> "**Calquera persoa física ou xurídica está lexitimada para actuar en defensa do patrimonio cultural de Galicia ante as administracións públicas da Comunidade Autónoma e os tribunais de xustiza, en cumprimento do previsto nesta lei**".

| **1** | **PRESENZA DE EUCALIPTOS** | |
|---|---|---|
| | • Distintos organismos e entidades científicas alertan da deterioración que poden padecer os "monumentos"pola presenza de eucaliptos ao seu carón. | |
| | • Nas contornas dos petróglifos do Forno da Tella I e II, así como no Outeiro de Vales, existen varios exemplares desta árbore, polo que sería recomendable unha tala controlada dos mesmos. | |
| | • O Petróglifo do Forno da Tella II (**GA36015020**) ten xusto a vexetación enriba: matogueiras e eucaliptos. Este petróglifo é case imposible localizalo, tanto é así que hai rochas que –outrora foron movidas por medios mecánicos– que pode caer enriba del. | **Foto 25** |
| | • Acontece o mesmo co petróglifo do Outeiro de Vales (**GA36015061**) | **Foto 02** |

- Tamén se comproba isto no Outeiro do Forno da Tella I (**GA36015020**) — **Foto 26**

## 2 PRESENZA DE LIQUES NA SUPERFICIE DAS ROCHAS

- A pátina superficial de petróglifos tan impresionantes como o do Forno da Tella I están cubertos, total ou parcialmente, por liques, o que pode provocar unha progresiva biodeterioración da rocha e, logo así, dos gravados.
- O **CSIC** xa ten avisado deste gran problema que acontece en bens culturais. — **Foto 27** **Foto 28**
- Sobre este último asunto, recomendamos consultar os seguintes enlaces:
  - http://digital.csic.es/bitstream/10261/16788/1/Segovia_Press_release.pdf
  - http://www.europapress.es/castilla-y-leon/noticia-csic-diagnostica-procesos-deterioro-iglesias-romanicas-segovia-colonizacion-liquenes-hongos-20090909140946.html
  - http://www.ellibrepensador.com/2013/02/20/control-de-los-liquenes-sobre-la-piedra-de-los-monumentos/

CSIC

**Investigadoras del CSIC constatan el deterioro de las iglesias románicas de Segovia por la acción de líquenes y hongos**

- **El estudio ha localizado líquenes y colonias microbianas en el exterior e interior de la piedra de estos templos**
- **Las autoras, que han propuesto diversas vías de actuación, colaboran en la actualidad con una empresa que quiere probar la efectividad de sus productos antimicrobianos**

**Madrid, 9 de septiembre, 2009** Investigadoras del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) han diagnosticado procesos de deterioro de las iglesias románicas de Segovia por la colonización de líquenes y hongos, tanto en el exterior, como en el interior de la roca. El estudio, que pretende reivindicar el valor de estos templos dentro del patrimonio cultural de la ciudad, propone diferentes tratamientos para prevenir el biodeterioro y recuerda que la simple eliminación de los líquenes superficiales de la roca puede llegar a ser contraproducente. El trabajo, financiado en primera instancia por la Junta de Castilla y León y después por la Comunidad de Madrid, ha sido publicado por la revista *Science of the Total Environment.*

- **Antonio de la Peña Santos** (Arqueólogo do Museo de Pontevedra) e **Martina Viéitez** (bióloga) tamén nos teñen alertado deste problema que debenderá, fundamentalmente, do tipo de lique do que se trate. Os que máis abundan son, fundamentalmente, liques crustáceos escamosos (**Diploschistes ocellatus** e **Lobothallia radiosa**)

| 3 | RISCOS POTENCIAIS POLO LUME |
|---|---|
| | • A presenza de árbores e monte baixo (matogueiras) ao pé dos petróglifos coadxuva asumir riscos que, para nada, favorecen á conservación do patrimonio e, nomeadamente, dos petróglifos. Que non se teña estes espazos coidados fai que, de se ocasionar un incencio, o lume se propague con gran facilidade; e este –advertivos– é un dos maiores inimigos que teñen os gravados rupestres. |
| | • Non é primeira vez que a zona da Ran sofre un incendio. Lembramos aquí algunhas: |

(**25 e 26 de novembro de 2012**)



PonteVedra Viva!com

Más +

Comparte este artículo

Twittear

J'aime 0

G+1 Recomendar isto en Google

Umia

**Un incendio sofocado y avivado dos veces daña una nave en Cuntis**

Por Redacción
Lunes 26 de Noviembre, 2012

Un incendio ha calcinado entre la última hora del domingo y la mañana de este lunes parte de una nave de maderas del polígono A Ran de Cuntis. El fuego **fue sofocado de madrugada y volvió a reactivarse horas más tarde**.

